**ACTA Nº 6 DO TRIBUNAL DE SELCCIÓN DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO ADSCRITO AO DEPARTAMENTO DE URBANISMO DO CONCELLO DE OROSO, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A ASÍ COMO A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.**

Constitúese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 853/2015 do 10 de setembro (BOP nº 179 do 18/09/2015) para proceder á realización do cuarto exercicio do procedemento de selección dunha praza de administrativo adscrito ao departamento de urbanismo do Concello de Oroso, como funcionario/a interino/a así como a creación dunha bolsa de emprego, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 732/2015 do 29/07/2015 (BOP nº 149 do 07/08/2015).

Reúnese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 853/2015 do 10 de setembro (BOP nº 179 do 18/09/2015) co obxecto de realizar a cuarta proba consistente en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre o sistema operativo "Windows" e o paquete ofimático "Office" a través de exercicios prácticos propostos polo tribunal a desenvolver cun ordenador durante un período máximo de unha hora, que previamente en xornada de mañá foi establecido por consenso de todos os membros do Tribunal asistente.

Data da sesión: 14/12/2015
Hora de inicio: 17:00 horas.
Hora de finalización: 19:00 horas.

Lugar: Aula de informática do Concello de Oroso. Oficina de Servizos Sociais, rúa do Deporte nº 7.

Asistentes:

D. Manuel Suárez Bermúdez (Presidente).
D. Félix Manuel Carrasco del Pozo (1º vogal).
Dª. Yolanda García Fachal (2º vogal)
Dª. Ana María Liñares Castro (3º vogal).
D. Federico Suárez Cancelo (Secretario).

Reunido o Tribunal á data e hora anteditas, en cumprimento do disposto nas Bases de Selección, procédese a realizar o chamamento dos aspirantes admitidos e que superaron a primeira proba:

| APELIDOS E NOME |
|---|
| LIJÓ RODRÍGUEZ BLANCA |
| VÁZQUEZ PITA PABLO |

A continuación procédese durante 1 hora á realización do cuarto exercicio proposto polo tribunal e que figura como anexo da presente acta, poñendo a disposición dos aspirantes un ordenador onde realizan a citada proba.

Unha vez rematado o exercicio o Tribunal de Selección procede á corrección da proba, apreciando que en liñas xerais ambos aspirantes realizan os exercicios plantexados de forma satisfactoria e outorgando a seguinte cualificación segundo o previsto nas bases de selección:

| APELIDOS E NOME | CUALIFICACIÓN |
|---|---|
| LIJÓ RODRIGUEZ BLANCA | APTA |
| VAZQUEZ PITA PABLO | APTO |

O Tribunal por unanimidade dos seus membros aproba a antedita relación de aspirantes declarados como aptos.

En cumprimento do previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, infórmámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde conste claramente os datos de contacto á cal deberá xuntar a fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

CONCELLO DE OROSO

Seguidamente o Tribunal comproba que ambos aspirantes na instancia presentada no seu día para participar no presente procedemento de selección declararon estar en posesión do certificado CELGA nivel 4 ou de ter superado os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente, polo que se acorda non celebrar a quinta proba prevista no punto 9 das bases de selección, sen prexuízo de que o opositor proposto deba presentar a xustificación acreditativa de estar en posesión do certificado CELGA nivel 4.

Á vista do anterior e tendo en conta que conforme establece o punto 9° das bases de selección: "A cualificación definitiva da oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición. De tal xeito, despois de rematar as probas, o tribunal proporá o nomeamento do aspirante que, na suma total das puntuacións asignadas na oposición obtivera a maior puntuación." Sumando as puntuacións obtidas polos candidatos declarados aptos, nos distintos exercicios puntuables obtense os seguintes resultados:

| APELIDOS E NOME | 2ª PROBA | 3ª PROBA | TOTAL |
|---|---|---|---|
| LIJÓ RODRIGUEZ BLANCA | 8 | 5 | 13 |
| VAZQUEZ PITA PABLO | 7 | 6,5 | **13,5** |

Polo que o Tribunal por unanimidade dos seus membros propón á Alcaldía que proceda ao nomeamento de D. Pablo Vázquez Pita con DNI n° 32836710-R como funcionario interino administrativo, adscrito ao departamento de urbanismo do Concello de Oroso e se acorde a creación dunha bolsa de emprego de conformidade co previsto no punto 12° das bases de selección que rexen o presente proceso de selección.

De conformidade co previsto no punto 10° das bases de selección o aspirante proposto achegará no **prazo máximo de 10 días naturais**, contados a partir da publicación da presente acta no taboleiro de edictos do Concello a documentación sinalada nas citadas bases e someterse ao correspondente recoñecemento médico polos servizos do Concello, coa advertencia de que a non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base ou non sometemento ao recoñecemento médico esixido e agás nos casos de forma maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, suporá que o aspirante non poderá ser nomeado funcionario interino e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase á mesma á hora anteriormente indicada de todo o cal se da fe, asinando os membros do Tribunal.

O Presidente:

Manuel Suárez Bermúdez.

1° Vogal.

Félix M. Carrasco del Pozo.

2° Vogal

Yolanda García Fachal.

3° Vogal.

Ana María Liñares Castro.

O Secretario.

Federico Suárez Cancelo.